

Estimado/a señor/a:

Teño o pracer de informar da celebración o vindeiro día **3 de marzo**, na **Casa da Cultura do Concello de Outes**, do **Seminario de Inicio** do proxecto **Renatur_Outes**.

Este proxecto, subvencionado pola Fundación Biodiversidad, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico conta cun orzamento de **908.800,00 €**; é liderado polo Concello de Outes e coordinado polo CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais de Galicia- Norte de Portugal) e contará como socios activos con expertos e expertas das Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo e da Fundación Montescola.

Este proxecto convértese nunha experiencia na que as 3 universidades públicas galegas se poñen ao servizo da Administración Pública local para realizar unha estratexia de reordenación e integración ambiental. Desenvolveranse actividades de fomento da biodiversidade asociada ao río Tines ao seu paso polo casco urbano de Outes: creación de illas de biodiversidade, asentamentos de coleópteros, propagación de fentos termófilos, accións de recuperación do bosque de ribeira, eliminación de especies exóticas invasoras como *Acacia spp.*, *Tradescantia fluminensis* ou *Oxalis pes-caprae*, limpeza do río, accións de formación e divulgación á poboación da contorna, de voluntariado ambiental e de participación pública da cidadanía (actividades de ciencia cidadá, actividades de coñecemento do medio, rutas medio ambientais, xornadas de plantación de bombas de biodiversidade, talleres con escolas, asembleas de información cidadá e participación pública, etc.).

Este seminario de inicio **comezará ás 11:30h** coa presentación institucional e científica do proxecto, á que seguirá unha sesión de gobernanza local coa cidadanía e unha camiñada interpretativa para coñecer a contorna do río Tines, acompañada de accións simbólicas de métodos de eliminación de acacias e plantación de especies autóctonas coa colaboración do alumnado do colexio e instituto locais.

Para esta celebración estaríamos honrados de contar coa súa presenza. Envíase como documento anexo o programa completo, que mostra os horarios do evento.

Quedamos á súa disposición para calquera aclaración que considere pertinente.

Confiando en poder saudarlle persoalmente nestes días, reciba ate entón un cordial saúdo,

Equipo Renatur_Outes.